



C	Consideracións	7
1	Demografía e territorio	13
2	Realidade económica e social	29
	Indicadores económicos	
	Indicadores demográficos	
3	Emprego	49
	Mercado de traballo	
	Medidas activas de emprego	
4	Sectores productivos	65
	Panorama xeral	
	Sector primario e industrias relacionadas	
	Sector industrial	
	Sector da construción	
	Sector servizos	
5	Panorama social	105
	Vivenda	
	Educación	
	Saúde	
	Servizos sociais	
6	Desenvolvemento territorial	133
	Infraestruturas	
	Medio ambiente	
A	Anexos	143





Antecedentes

De conformidade coas competencias atribuídas ao Consello Económico e Social de Galicia pola Lei 6/1995, de 28 de xuño, previa análise pola Comisión Sectorial nº 3: *Desenvolvemento rexional*, e de acordo co procedemento previsto no Regulamento de Réxime Interior do CES-Galicia, o Pleno do Consello Económico e Social de Galicia, na súa sesión 7/06, do 15 de decembro, acorda por unanimidade emitir, por propia iniciativa, o seguinte informe:

Informe sobre as áreas funcionais de Galicia
ÁREA FUNCIONAL DE SANTIAGO

XÉNESE DO INFORME

A Lei 6/1995, de 28 de xuño, atribúe ao Consello Económico e Social de Galicia, entre outras, a función de elaborar por propia iniciativa informes ou estudos sobre a Elaboración de planos ou programas dirixidos a favorecer o desenvolvemento económico e social de Galicia.

No ámbito destas funcións, o Pleno do Consello Económico e Social de Galicia, na súa sesión 4/98, adoptou o acordo de proceder á elaboración dunha colección de informes sobre “As áreas funcionais de Galicia”. Despois dos traballos dedicados ás áreas funcionais de Ferrol, Lugo, Pontevedra, Monforte-O Barco, Ourense-Verín, A Mariña lucense e Lalín, o CES aborda a elaboración do estudo da área funcional

de Santiago. Como ven sendo habitual, a súa redacción foi encargada á Comisión Sectorial nº 3: *Desenvolvemento rexional*.

OBXECTO DO INFORME

O obxecto deste oitavo informe da colección é, como nos anteriores, levar a cabo unha análise da situación económica e social das comarcas e concellos que compoñen a área funcional elixida. Como nos estudos anteriores, o informe inclúe unhas consideracións consensuadas polos representantes das distintas entidades do Consello Económico e Social de Galicia sobre as ameazas e oportunidades reais para o desenvolvemento e a creación de emprego na área.

METODOLOXÍA E ALCANCE DO INFORME

O alcance global do informe abarca as doce áreas funcionais nas que se agrupan as comarcas galegas definidas no Plan Comarcal de Galicia. Esta entrega dedicada á área funcional de Santiago é a oitava entrega da colección.

Respecto ao seu ámbito xeográfico, a área obxecto de análise neste informe inclúe as comarcas de Muros, Noia, Ordes, Santiago, O Sar, Terra de Melide, Xallas, Barcala, Barbanza e Arzúa. Dez comarcas de especial importancia económica e social dentro do conxunto da realidade galega actual.

A metodoloxía do informe baséase en concretar a análise da situación económica e social da área funcional de Santiago nos apartados de Territorio e demografía, Realidade económica e social, Emprego, Sectores produtivos, Panorama social e Desenvolvemento territorial.

O informe inclúe, así mesmo, anexos estatísticos con datos de interese sobre diferentes parámetros da realidade socioeconómica da área funcional que, pola súa exhaustividade, non se incluíron nos distintos apartados.

No que respecta ao alcance do informe cómpre salientar, en primeiro lugar, as dificultades derivadas da escasa produción estatística desagregada a nivel municipal ou comarcal e, tamén, que os datos que se recollen son os últimos dispoñibles no momento de elaborar o informe.

Ambas circunstancias limitan o alcance do informe nos ámbitos do emprego, da estrutura produtiva e do panorama social da área analizada. ■